

2. Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, os datos inscritos no rexistro poderán serlles comunicados, se for o caso, a outros órganos da Administración xeral do Estado, ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, en cumprimento das finalidades previstas no artigo 1 desta orde.

3. No suposto de que os datos individualizados inscritos no rexistro se refiran a circunstancias persoais que, no contexto do mencionado plan, supoñan preferencia para a obtención de axudas económicas especiais ou complementarias, estes datos só poderá comunicarllelos o Ministerio de Vivenda ás comunidades autónomas ou ás cidades de Ceuta e Melilla que recoñeceron o dereito ás axudas correspondentes, sen prexuízo do establecido no punto 4 deste artigo.

4. Os datos agregados, sen personalizar, integrados no rexistro, poderán ser utilizados para os efectos de seguimento e avaliación do Plan estatal 2005-2008 e ser publicados.

#### Artigo 12. *Funcionamento.*

1. O Rexistro de Vivendas Protexidas, de acordo co previsto no artigo 78.g) do Real decreto 801/2005 e co acordado no parágrafo terceiro da cláusula quinta dos convenios de colaboración asinados entre o Ministerio de Vivenda, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para a aplicación do Plan estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, nutrirase dos datos que lle remitan as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla á Dirección Xeral de Arquitectura e Política de Vivenda.

2. Así mesmo, nutrirase dos datos que as entidades de crédito colaboradoras lle remitan ao dito órgano, atendendo ao acordado nos convenios de colaboración que se subscribiron entre estas entidades e o Ministerio de Vivenda, en cumprimento do previsto no artigo 79 do Real decreto 801/2005.

Disposición adicional única. *Recursos humanos e materiais.*

O Rexistro de Vivendas Protexidas que se establece e regula nesta orde estará informatizado e funcionará cos recursos humanos e materiais de que dispón o Ministerio de Vivenda.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

O punto 1 do artigo 12 desta orde ten carácter básico, de conformidade co disposto no artigo 149.1.13 da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e dítase en cumprimento da previsión contida na disposición adicional sexta e en desenvolvemento do artigo 78.g) do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 3 de outubro de 2006.—A ministra de Vivenda, María Antonia Trujillo Rincón.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18145** REAL DECRETO 1144/2006, do 6 de outubro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene dos pensos. («BOE» 249, do 18-10-2006.)

Logo da aprobación do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro

de 2005, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos, quedan derogadas a Directiva 95/69/CE, do Consello, do 22 de decembro, pola que se establecen os requisitos e as normas aplicables á autorización e ao rexistro de determinados establecementos e intermediarios do sector da alimentación animal, e a Directiva 98/51/CE, da Comisión, do 9 de xullo, relativa a determinadas disposicións de aplicación da Directiva 95/69/CE, do Consello, do 22 de decembro.

Isto obriga, para a necesaria seguranza xurídica, e sen prexuízo da súa inaplicabilidade, á derogación, respectando os períodos transitorios correspondentes para as importacións, do Real decreto 1191/1998, do 12 de xuño, sobre autorización e rexistro de establecementos e intermediarios do sector da alimentación animal, e do Real decreto 608/1999, do 16 de abril, polo que se establecen as condicións de autorización e rexistro para a importación de determinados produtos do sector da alimentación animal procedentes de países terceiros, e polo que se modifica o Real decreto 1191/1998, do 12 de xuño, mediante os que se incorporaron ao noso ordenamento, respectivamente, as directivas 95/69/CE, do Consello, do 22 de decembro, e 98/51/CE, da Comisión, do 9 de xullo. Derrógase así mesmo o Real decreto 418/1987, do 20 de febreiro, sobre as substancias e produtos que interveñen na alimentación dos animais dado que as directivas que incorporaba foron substituídas ou modificadas por outras directivas ou regulamentos que xa foron incorporados á normativa nacional ou son de aplicación, respectivamente.

Así mesmo, e malia a eficacia e aplicabilidade directa do mencionado regulamento, é necesario establecer certas disposicións específicas, co fin de, fundamentalmente, concretar o ámbito de aplicación, as distintas obrigas dos establecementos, as autoridades competentes e a necesaria colaboración e coordinación entre as comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado, incluída a Comisión Nacional de Coordinación en Materia de Alimentación Animal, facer uso de certas medidas transitorias e fixar o réxime sancionador aplicable de acordo co artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro.

Este real decreto dítase ao amparo do artigo 49.1.13.ª e 16.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación da actividade económica e de sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Este real decreto foi sometido a consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados e a Comisión Interministerial de Ordenación Alimentaria emitiu informe.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de outubro de 2006,

### DISPÕO :

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer disposicións específicas de aplicación do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos.

2. A Comisión Nacional en Materia de Alimentación Animal a que se refire o artigo 9 deste real decreto establecerá os criterios para determinar aquelas operacións incluídas no artigo 2.2.d) do Regulamento 183/2005, do

Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005.

#### Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán aplicables as definicións establecidas no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, no artigo 2.a) e c) do Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos, no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e o artigo 2.e) do Regulamento (CE) n.º 1831/2003, do 22 de setembro, sobre os aditivos na alimentación animal.

2. Así mesmo, entenderase como:

Autorización: o acto ditado pola autoridade competente polo cal se faculta o explotador da empresa de pensos para o exercicio nun establecemento da actividade de que se trate logo da verificación do cumprimento do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, de acordo co previsto nos seus artigos 10 e 13.

#### Artigo 3. *Obrigas dos explotadores de empresas de pensos.*

1. Ademais das obrigas establecidas no Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro de 2005, os explotadores das empresas de pensos deberán conservar os rexistros a que se fai referencia no artigo 6.2.g) e nos anexos I e II do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, un mínimo de tres anos, sen prexuízo de que outra normativa específica requira un período de tempo maior.

2. No caso dos explotadores de empresas de pensos que sexan fabricantes de pensos compostos, aditivos ou pre mesturas, deberán remitirllle á autoridade competente, antes do 31 de xaneiro de cada ano, os datos relativos ás cantidades de cada un dos produtos fabricados así como a cantidade das materias primas, aditivos, pre mesturas e pensos complementarios empregados, referidos todos ao ano precedente. A Comisión Nacional de Coordinación en Materia de Alimentación Animal poderá propor un modelo cos datos mínimos que se deben remitir.

#### Artigo 4. *Autorización de establecementos.*

1. Necesitarán autorización os establecementos de empresas de pensos a que se refire o artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro.

2. Aos establecementos que fabriquen pensos compostos, aditivos ou pre mesturas para os que se efectúe unha solicitude á autoridade competente a partir do 1 de xaneiro de 2006 para a súa autorización, aplicaráselles o procedemento que se especifica no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro.

#### Artigo 5. *Comunicación de establecementos.*

1. Os establecementos de explotadores de empresas de pensos, que non estean obrigados a efectuar unha solicitude de autorización de acordo co artigo anterior, deberán serlle comunicados á autoridade competente, a que se refire o artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, previamente ao inicio da actividade.

2. Os explotadores de empresas de pensos, a que se refiren o artigo 4 e o punto 1 deste artigo, comunicaranlle á autoridade competente das comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla ou, no caso das importacións ou exportacións, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o cesamento nalgunha das súas actividades, así como calquera cambio na denominación da empresa explotadora de pensos ou dos seus titulares. Esta comunicación farase no prazo máximo dun mes desde que se produza a modificación significativa da actividade. No caso de inicio dunha nova actividade, será de aplicación o artigo 16 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro.

#### Artigo 6. *Rexistro de establecementos.*

Todos os establecementos inscribíranse nun ou varios rexistros xestionados pola autoridade competente da comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla en que radique o establecemento ou, no caso das importacións ou exportacións, polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

#### Artigo 7. *Listas de establecementos.*

1. A autoridade competente incorporará todos os establecementos rexistrados en aplicación do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, á listaxe correspondente, de acordo coa actividade que desenvolvan, e manteraa actualizada.

2. Aos establecementos autorizados conforme os artigos 10 e 13 do Regulamento (CE) n.º 183/2005 daráselles un número de identificación conforme o número 2 do anexo deste real decreto.

3. As autoridades competentes comunicaranlle á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as listas de establecementos rexistrados, tanto os autorizados como os comunicados e as súas actualizacións. Estas listas comunicaranse por primeira vez antes do 31 de xullo de 2007 e, posteriormente, antes do 31 de xullo de cada ano.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborará e fará públicas, cos datos remitidos polas autoridades competentes, as listas pertinentes de establecementos rexistrados, conforme o disposto no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro. Poderáselles dar publicidade a estas listas a través da páxina web do dito ministerio ou, se é o caso, a través doutros medios electrónicos.

5. A lista de establecementos autorizados recollerá, polo menos, os datos que figuran no anexo deste real decreto.

#### Artigo 8. *Revogación ou suspensión da autorización ou anotación de baixa ou suspensión no rexistro.*

As autoridades competentes poderán suspender ou revogar as autorizacións e dar de baixa ou suspender as anotacións nos rexistros, logo de audiencia do interesado, nos termos previstos nos artigos 14 e 15, respectivamente, do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro. Para os efectos da revogación da autorización e baixa no rexistro entenderanse como deficiencias graves as infraccións recollidas no artigo 85 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Artigo 9. *Comisión Nacional de Coordinación en Materia de Alimentación Animal.*

1. Créase a Comisión Nacional de Coordinación en Materia de Alimentación Animal como órgano colexiado de carácter interministerial e multidisciplinar, adscrito á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Son funcións da Comisión Nacional:

a) O seguimento e coordinación coas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla da execución da normativa vixente, comunitaria e nacional, en materia de alimentación animal.

b) A revisión periódica da evolución da devandita execución, proponendo as modificacións precisas para un eficaz cumprimento dos obxectivos.

c) Elevarlles ás autoridades competentes propostas que permitan unha mellor execución desta normativa.

d) Asesorar as autoridades competentes en materia de pensos, cando así lle sexa solicitado.

e) Propor a realización de estudos en relación cos citados produtos.

f) Propor plans coordinados de controis en alimentación animal no marco do Regulamento (CE) n.º 882/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

g) Elaborar propostas de normativa en materia de alimentación animal.

h) Aqueloutras que se lle asignen en calquera outra norma.

3. A Comisión Nacional estará composta polos seguintes membros:

a) Presidente: o director xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Vogais:

1.º En representación da Administración xeral do Estado, o subdirector xeral de Medios de Produción Gandeiros da Dirección Xeral de Gandaría e dous funcionarios desta subdirección, designados polo presidente, así como un vogal en representación do Ministerio de Sanidade e Consumo.

2.º En representación das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, un representante de cada comunidade autónoma e de cada unha das cidades de Ceuta e Melilla, que acorden integrarse neste órgano.

c) Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Gandaría designado polo presidente, con voz pero sen voto.

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente será substituído polo subdirector xeral de Medios de Produción Gandeiros.

Así mesmo, poderán asistir ás reunións da Comisión Nacional, en calidade de asesores, con voz pero sen voto, aquelas persoas que, en consideración da súa competencia profesional, sexan expresamente convocadas polo presidente, por iniciativa propia ou de calquera outro membro da comisión.

4. A Comisión Nacional aprobará as súas propias normas de funcionamento e, en todo o non previsto expresamente nas ditas normas e neste artigo, será de aplicación o establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en materia de órganos colexiados, e poderá acordar a constitución de grupos de traballo específicos.

5. En todo caso, a Comisión Nacional reunirse polo menos unha vez cada semestre e tantas veces como a situación o requira, mediante convocatoria do seu presidente.

6. A creación e funcionamento da Comisión Nacional en Materia de Alimentación Animal non suporá incremento do gasto público, atendéndose cos actuais medios persoais e materiais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

7. Os gastos en concepto de indemnizacións por razón de servizo, que se orixinen pola participación en reunións da comisión, serán por conta das súas respectivas administracións.

Artigo 10. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto ou no Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria única. *Importacións e exportacións.*

Ata que finalice a elaboración das listas previstas no artigo 23.1.a) e b) do Regulamento (CE) n.º 183/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, as importacións seguirán sendo autorizadas conforme o previsto nos artigos 3 ao 8, ambos inclusive, do Real decreto 608/1999, do 16 de abril, polo que se establecen as condicións de autorización e rexistro para a importación de determinados produtos do sector da alimentación animal procedentes de países terceiros, e polo que se modifica o Real decreto 1191/1998, do 12 de xuño, sobre autorización e rexistro de establecementos e intermediarios do sector da alimentación animal, que se entenderá vixente para os efectos indicados.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e especificamente:

a) O Real decreto 418/1987, do 20 de febreiro, sobre as substancias e produtos que interveñen na alimentación dos animais.

b) O Real decreto 1191/1998, do 12 de xuño, sobre autorización e rexistro de establecementos e intermediarios do sector da alimentación animal.

c) O Real decreto 608/1999, do 16 de abril, polo que se establecen as condicións de autorización e rexistro para a importación de determinados produtos do sector da alimentación animal procedentes de países terceiros e polo que se modifica o Real decreto 1191/1998, do 12 de xuño, sobre autorización e rexistro de establecementos e intermediarios do sector da alimentación animal.

Disposición derradeira primeira. *Vixencia da Orde do 31 de outubro de 1988.*

A Orde do 31 de outubro de 1988, relativa a determinados produtos utilizados na alimentación dos animais, mantén a súa vixencia e as referencias que nela se fagan

ao Real decreto 418/1987, do 20 de febreiro, entenderanse feitas a este real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto ten o carácter de normativa básica ao amparo do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Exceptúase deste carácter de normativa básica a regulación contida na disposición transitoria, así como o réxime sancionador relativo a importacións e exportacións, que se dita ao amparo do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup>, primeiro inciso, da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para ditar, no

ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto.

2. Así mesmo, facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para modificar, no ámbito das súas respectivas competencias, o anexo ou os prazos previstos neste real decreto para a súa adaptación á normativa comunitaria, ou por motivos urxentes de sanidade animal ou seguraza alimentaria.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de outubro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## ANEXO

### Datos mínimos da lista e número de identificación dos establecementos autorizados

1. Lista de establecementos de pensos autorizados:

1	2	3	4	5
N.º de identificación (1)	Actividade (2)	Nome ou denominación comercial (3)	Enderezo (4)	Observacións

(1) Segundo o establecido no punto 2 deste anexo.

(2) A=Establecementos recollidos no punto 1.a) do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, de hixiene dos pensos.

B=Establecementos recollidos no punto 1.b) do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, de hixiene dos pensos.

C=Establecementos recollidos no punto 1.c) do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, de hixiene dos pensos, salvo os incluídos na letra E deste capítulo.

E=Establecementos recollidos no punto 1.c) do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 183/2005, de hixiene dos pensos que destinen toda a súa produción de pensos para as necesidades da súa explotación.

(3) Nome ou denominación comercial das empresas de pensos.

(4) Enderezo das empresas de pensos.

2. O número de identificación dos establecementos autorizados constará:

1) Do carácter «α».

2) Do código ESP.

4) Do número de referencia nacional, ata un máximo de oito caracteres alfanuméricos, que incluirá:

Dous díxitos que identifican a provincia, segundo a codificación do Instituto Nacional de Estatística.

O resto de díxitos asignaraos a autoridade competente.

## XEFATURA DO ESTADO

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

**18204** LEI 31/2006, do 18 de outubro, sobre implicación dos traballadores nas sociedades anónimas e cooperativas europeas. («BOE» 250, do 19-10-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

I  
Para alcanzar os obxectivos do Tratado da Comunidade Europea e establecer un marco xurídico uniforme en que as sociedades dos distintos Estados membros poidan planear e levar a cabo a organización das súas actividades a escala comunitaria, o Consello de Ministros da Unión Europea, tras máis de trinta anos de deliberacións, adoptou o Regulamento (CE) n.º 2157/2001 do Consello, do 8 de outubro de 2001, polo que se aproba o Estatuto da Sociedade Anónima Europea (SE).

Ese longo debate non se esgotou coa aprobación do Regulamento (CE) n.º 2157/2001; xunto a el, e para fomentar os obxectivos sociais da Comunidade Europea, enten-